



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

CONCELLO DE
ABEGONDO
11 JUL 2017
979.-

CONCELLO DA CORUÑA

Mediante este escrito notificolle que o Pleno do Concello de Abegondo, na sesión extraordinaria realizada o 20/06/2017, aprobou por unanimidade o seguinte acordo:

***ASUNTO:** SOLICITUDE DE INICIO DOS TRÁMITES PARA A CONSTITUCIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE A CORUÑA

EXPEDIENTE: 2017/G006/000022

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. As áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisa a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras. Entre os concellos de Abegondo, A Coruña, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada existen eses vínculos económicos e sociais para a planificación e coordinación conxuntas. Estes vínculos tamén poderían ser compartidos por outros concellos limítrofes aos indicados.

SEGUNDO. Os plenos de Bergondo (24.11.2016), Betanzos (29.11.2016), Cambre (30.11.2016), Culleredo (24.11.2016), Oleiros (24.11.2016) e Sada (24.11.2016), aprobaron por maioría absoluta o inicio dos trámites para a Constitución da Area Metropolitana de A Coruña.

TERCEIRO. Tendo en conta que a creación da área metropolitana é unha vella aspiración do Consorcio As Mariñas, manifestada en repetidas ocasións, cómpre neste intre darlle un novo pulo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Os artigos 141.3 e 149.1.18 da Constitución Española.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co establecido no artigo 121 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia por lei do Parlamento de Galicia poderanse crear, modificar ou suprimir áreas metropolitanas.

SEGUNDA. O artigo 122.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia recolle que a iniciativa para a creación da área metropolitana poderá partir dos municipios interesados, e, neste caso, requirírase acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Corporación.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de acordo co artigo 64.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 22.2. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e polo tanto **PROPOÑO ao PLENO a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO. Solicitar á Xunta de Galicia o inicio dos trámites para a creación da área metropolitana de conformidade co artigo 122.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e de conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985 de



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Bases de Réxime Local.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo aos Plenos municipais dos Concellos e á Xunta de Galicia para os efectos oportunos.

O que lle notifico para os efectos oportunos.

Abegondo, 7 de xullo de 2017

O secretario

Adrián Juan Márquez Caramés

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Jurídico do Sector Público.